

CURSO DE VERÁN 2017

100 ANOS DA RAZA RUBIA GALEGA.

PASADO, PRESENTE E FUTURO DA PRODUCCIÓN CÁRNICA EN GALICIA

TITULO DO CURSO

100 ANOS DA RAZA RUBIA GALEGA. PASADO, PRESENTE E FUTURO DA PRODUCCIÓN CÁRNICA EN GALICIA

OBXECTIVOS


En 1917, o veterinario Juan Rof Codina publica a monografía sobre a Raza Bovina Galega premiada pola Asociación de Gandeiros do Reino o ano anterior. É neste traballo onde se poñen de manifesto dun xeito efectivo as bases do morfotipo do que logo sería a Raza Rubia Galega.

Aproveitando o centenario da publicación deste traballo, propónse a celebración dun curso, en colaboración coa Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA) e a IGP Ternera Gallega, no que se teña en conta a importancia que a produción cárnica de gando vacún, en especial a Raza Rubia Galega, ten para a cultura, a sociedade e a económica galega. Así, enfocase o curso dende tres perspectivas.

Unha baseada no **pasado**, onde se pon en releve a importancia da gandaría na historia de Galicia, abrangendo aspectos que van dende a arqueozooloxía, a comercialización de produtos pecuarios na Idade Moderna, ou o papel que xogou a gandaría nos procesos de transformación que tiveron lugar dende principios do século XX, sendo esta catalizadora da innovación tecnolóxica no ámbito agropecuario galego.

Outro aspecto baseado no **presente** da Raza Rubia Galega, onde se poña de manifesto os actuais plans de mellora da Raza, así como a situación do sector produtivo, a transformación e comercialización cárnica en Galicia, facendo fincapé na apreciación das súas producións como paradigma de calidade diferenciada.

Por último, incídese nun terceiro aspecto relacionado co **futuro** da Raza Rubia Galega, dirixido principalmente en dar a coñecer e visibilizar os diferentes aspectos e liñas de investigación que ao redor da Raza Rubia Galega se están a levar a cabo no campus de Lugo. Neste senso, propónse ao Campus Terra como una ferramenta esencial para o futuro da mellora da Raza Rubia Galega, e da valorización das súas producións.



ÁMBITO

Este curso plantexase dende un punto transversal, dirixido tanto a estudantes e profesionais de ramas de humanidades, como de ámbitos científico técnico coma veterinarios, enxeñeiros agrónomos,...

Do mesmo xeito, debido á importancia que a produción de animais de Raza Rubia Galega ten en Galicia, e dun xeito concreto na provincia de Lugo, establécense uns contidos que son do máximo interese para o público en xeral, en especial para profesionais do ámbito agropecuario (gandeiros, industrias de transformación,..)

COLABORADORES

Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA)

IXP Terneira Galega

Deputación de Lugo

POSIBLES PATROCINADORES

Consellería do Medio Rural

Consello Galego de Colexios Veterinarios

Xenética Fontao

Centro Tecnolóxico da Carne

Caixa Rural Galega

TIPO DE ACTIVIDADE

Xornada

CONTIDOS

Duración: 24 horas (1 crédito)

Lugar de Celebración: Facultade Veterinaria Lugo

Datas: Dende o 28, 29 e 30 de xuño de 2017

PROGRAMA

Día 28 de xuño de 2017. PASADO. O NACEMENTO DUNHA RAZA (8 horas)

9:00.- Inauguración do curso

9:30.- As Vacas Galegas, un futuro con moito pasado: das representacións de Cova Eirós ao gando da Prehistoria Recente. **Ramón Fábregas Valcarce. USC**

10:30.- Gandaría en *Lucus Augusti*. **Adolfo de Abel Vilela**

11:30.- O valor do gando en Galicia. Das feiras do San Froilán ao Tesouro de Galicia. **Adolfo de Abel Vilela**

13:00.- A invención da Raza Rubia Galega hai un século. **Lourenzo Fernández Prieto. USC**

14:00.- Fin da sesión de mañá

16:00.- Canto val unha vaca? Da cuestión agraria á cuestión pecuaria **Diego Conde Gómez**. (Charla aberta para todos os públicos, ata completar aforo)

17:00.- A Raza Rubia Galega hoxe. **Maria Morodo. ACRUGA** (Charla aberta para todos os públicos, ata completar aforo)

18:30-19:00. -Debate e conclusións da primeira xornada. (Foro aberto para todos os públicos, ata completar aforo)

Día 29 de xuño. PRESENTE. A VAQUIÑA POLO QUE VALE (8 horas)

9:00.- Aproveitando o territorio. A explotación do gando vacún de carne en extensivo. **Santiago Crecente Campo. CIAM**

10:00.-. Análise da competitividade das explotacións de vacún de carne en Galicia. **Álvaro García Corral**.

11:30.-. Características nutritivas e organolépticas da carne de Rubia Galega. **Centro Tecnolóxico da Carne**

12:30.- Control e certificación da IGP Ternera Gallega. Antonio Xende Barbeito. Director Técnico da **IGP Ternera Galega**.

O éxito da comercialización de calidade. Pasado, presente e futuro da IGP Ternera Gallega. **Luís Vázquez Pérez. Director de Promoción da IGP Ternera Galega**

14:00.- Degustación de Ternera Gallega. Pura Ternura.

16:30.- Valores nutricionais da carne de ternera. **Dr. Manuel Botana López**. Servizo de Endocrinoloxía e Nutrición. Hospital Lucus Augusti.

17:30.- O papel da profesión Veterinaria como garante da trazabilidade na cadea alimentaria. 15 anos despois da crise das vacas tolas. **Juan José Gómez Fernández. Consello Galego de Colexios Veterinarios** (Charla aberta para todos os públicos, ata completar aforo)

18:30-19:00.- Debate e conclusións da segunda xornada. (Foro aberto para todos os públicos, ata completar aforo)

Día 30 de xuño. FUTURO. PENSANDO NO PAÍS DO MILLÓN DE VACAS (8 horas)

9:00.- A nova IXP Vaca e Boi de Galicia. **Representante da IXP Vaca e Boi de Galicia.**

10:00.- A Raza Rubia Galega do século XXI. Mellora xenética da Raza Rubia Galega. **Xenética Fontao**

11:30.- Cara onde ten que ir o I+D+i na Raza Rubia Galega? **Manuel López Luaces. CIAM**

12:30.- Os gandeiros como motor do cambio. Casos de éxito da produción cárnica en Galicia.

14:00.- Fin da sesión de mañá

16:00.- Mesa Redonda: O Campus Terra na mellora das razas bovinas galegas. Unha aposta de futuro. **USC, Xunta de Galicia, ACRUGA, IGP Ternera Gallega.** (Charla aberta para todos os públicos, ata completar aforo).Modera: **Jose Manuel Cifuentes Martínez**

17:30.- Papel da Administración na mellora da Raza Rubia Galega. **Consellería do Medio Rural** (Charla aberta para todos os públicos, ata completar aforo)

18:30-19:00 Debate e conclusións da terceira xornada. (Foro aberto para todos os públicos, ata completar aforo)

19:00 Clausura da Xornada

PONENTES



RAMÓN FÁBREGAS VALCARCE. Catedrático da área de Prehistoria desde o ano 2000 na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Na actualidade é Investigador Principal do Grupo de Estudo para a Prehistoria do Noroeste Ibérico (GEPN) da USC.



ADOLFO DE ABEL VILELA. Doutor en Xeografía e Historia. Especialista en Arte Moderna e Contemporánea. Investigador da historia da cidade de Lugo. Na actualidade é Presidente de Lugo Patrimonio



LOURENZO FERNÁNDEZ PRIETO. Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela desde 2005 e na actualidade director do Departamento de Historia Contemporánea e de América. Investigador principal do grupo de investigación de Historia Agraria e política do mundo rural (HISTAGRA)



DIEGO CONDE GÓMEZ. Doutor en Veterinaria e membro colaborador do Grupo de Investigación de Historia Agraria e Política do Mundo Rural (HISTAGRA). Gañador do Premio de Ensaio “Manuel Murguía” en 2013 e do Premio Jesús García Calvo de Investigación en Desenvolvemento Rural e Cooperativismo en 2015.



SANTIAGO CRECENTE CAMPO. Investigador do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (A Coruña). Ampla experiencia en estudos sobre os aproveitamentos do gando en extensivo.



MANUEL LÓPEZ LUACES. Director do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (A Coruña). Responsable de diferentes proxectos de investigación e traballos relacionados co aproveitamento produtivo da gando de carne, en especial a Raza Rubia Galega.



ÁLVARO GARCÍA CORRAL. Doutor Enxeñeiro Agrónomo. Premio Jesús García Calvo á mellor Tese Doutoral en 2015. Asesor de ASELAGA.



MIGUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ. Director Xerente do Centro Tecnolóxico da Carne.




LUÍS VÁZQUEZ. Responsable de comercialización da IGP Terneira Gallega



MANUEL ANTONIO BOTANA LÓPEZ. Médico Adxunto da Sección de Endocrinoloxía no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo. Foi Presidente da Sociedade Galega de Endocrinoloxía, Nutrición e Metabolismo



JUAN JOSE GÓMEZ FERNÁNDEZ. Veterinario. Xefe de Servizo de Conservación da Natureza en Ourense. Presidente do Consello Galego de Colexios Veterinarios.



MARIA MORODO. Veterinaria. Secretaria executiva da Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA)



TÉCNICO DE XENÉTICA FONTAO. (Pendente de designar)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL. (Pendente de designar)